



VIM
IAN
ZO

*Vimianzo
Do mar á terra*

**ESPECIES DE
CICLO VITAL BREVE**



COÑECES O MOVEMENTO SLOWFISH?

Enmarcado na chamada Slowfood, xorde en todo o mundo o Slowfish, para poñer en valor a pesca sostible. Isto significa apoiar a pesca artesanal coidadosa cos fondos mariños e concienciar á xente no consumo responsable.

“O peixe bo, limpo e xusto” ...

- É fresco.
- Procede dunha pesca responsable e artesanal.
- É capturado con técnicas sostibles e respectuosas co medio mariño, como é o marisqueo e o palangre.
- Cumpre e supera a talla mínima esixida.
- Non foi capturado en época de reprodución da especie.
- Contamina menos, debido á menor distancia do seu transporte, reducindo así as emisións de CO₂ á atmosfera.
- Tamén é responsable consumir especies de ciclo vital breve.

POR QUE CONSUMIR ESPECIES DE CICLO VITAL BREVE?

Os peixes e mariscos de ciclo vital breve son aqueles que acadan antes a madurez e se reproducen con máis rapidez. Deste xeito, as reservas de cada especie se rexeneran máis rápido.

QUE ESPECIES DA COSTA DA MORTE DEBEMOS CONSUMIR?

Sardiña, xurelo, maragota, pescada, polbo, lura e todo tipo de moluscos.

REDUCE O CONSUMO DE...

Peixes que habitan nas profundidades mariñas coma o atún, o peixe sapo, o peixe espada, o linguado europeo ou o emperador.



Gozar do **Slowfish** supón gozar dunha experiencia gastronómica única, degustando o sabor e a textura xenuína do peixe ao tempo que contribuímos a manter a comunidade pesqueira na que atopamos a materia prima. Completa a túa experiencia gastronómica empregando outros produtos do teu redor: verduras, patacas, pan... E recorda sempre que unha dieta equilibrada e variada é a mellor receita para coídar a saúde e facilitar o crecemento.



www.domaraterra.com



www.accioncost.eina.es
Europa inviste na pesca sustentable



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Pesca



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR



CONCELLO de VIMIANZO